



"Sempre se fala de amor tóxico, pero non das amizades tóxicas"

5 de maio de 2023

<https://praza.gal/cultura/sempre-se-fala-de-amor-toxico-pero-non-das-amizades-toxicas>

Agora que falar de relacións amorosas tóxicas está case de moda, a ninguén parecen importarlle aínda as amizades tóxicas. Ou as familias tóxicas. Pese a que sexan máis frecuentes. María Solar partiu de reflexións coma estas para escribir a súa novela *A culpa*, [gañadora do Premio Xerais 2022](#). Unha historia de dominio dunha muller sobre outra a través da creación dunha débeda infinita e, por medio dela, da culpa. Da explotación de algo que se leva transmitindo secularmente sobre todo ás mulleres.

***A culpa* é a historia dunha muller rica que vive, na súa vellez, na indixencia. Como xorde este personaxe? Parécese a unha personaxe de Teresa Moure que escolle vivir na indixencia.**

Para min Marcela non vive na indixencia por elección, senón porque está destruída. Vive un proceso que a acaba levando á loucura. Os personaxes que xurdiron primeiro foron Marcela e Mirtha. Eu o que quería era falar dunha amizade tóxica. Sempre se fala de amor tóxico, pero non das amizades tóxicas. A amizade entre Marcela e Mirtha nace de algo bo, hai sororidade e un proceso de construción, pero Marcela acaba por querer controlar e posuír a Mirtha. E para conseguilo faille un favor impagable.

A novela alterna dúas historias, a de Amanda, a moza á que a muller rica lle deixa a súa fortuna, e a historia da muller rica. Por que esta dobre estrutura?

Penso que é unha estrutura que pode ter certa complexidade, pero sen que se note, sen que resulte difícil para o lector. Sempre parto da idea de que escribo para que alguén constrúa a historia comigo. En vez de facer unha estrutura lineal dividín a historia en partes que se entrecruzan, que atravesan distintos tempos, que están contadas con tempos distintos usando persoas distintas. E con frases que separan as distintas partes do libro que pertencen a unha das personaxes. Tamén foi para min un xogo, porque me gusta divertirme cando escribo. Todo o que escribo é moi pensado. Dedícolle moito tempo. Probei outras estruturas, pero non funcionaban.

A novela ten bastante de reflexión sobre a culpa e os seus efectos. Por que escolles falar da culpa? Mirtha di ademais que se educa as mulleres para sentir culpa, aínda sendo vítimas.

Quería falar do poder da culpa e do seu nesgo de xénero. É algo educacional e cultural, relacionado coa cultura cristiá, pero non só. Historicamente considerouse que a muller era a culpable, xa desde Eva. Hai un libro escrito na Idade Media, *A cidade das mulleres*, de Christine de Pizan, que reflexiona sobre esa visión das mulleres como seres inclinados á maldade e ao vicio. Ela miraba arredor e non vía iso... Pero é algo secular, metido a ferro. Temos pensamentos de culpabilidade que os homes non teñen. Sentes unha culpa tremenda por non ser, por exemplo, capaz de chegar ao tempo ao colexio para buscar os fillos, estando inmersa no mercado laboral... Porque se nos asigna o papel de coidadoras, de responsables de todo. E iso é algo do que é moi difícil desfacerse. É moi destrutivo e moi poderoso.

Mirtha Val cóntanos a súa historia a través do seu diario. É a historia da súa vida e da relación de poder que a súa amiga, Marcela, estableceu con ela. Quizais esa relación tóxica sexa en realidade o centro da novela. Por que quixeches falar diso?

Porque é máis frecuente, incluso, por unha cuestión de probabilidades, ter unha amizade tóxica ou unha familia tóxica que ter un amor tóxico. E pode que sexa máis difícil saír cando median, por exemplo, os lazos de sangue. Unha amizade, ademais, pode ser un lazo tan forte como o amor. Hai xente que sorrindo, aconsellándote, pode estar contribuíndo a que te autodestrúas. O xogo das persoas tóxicas pode disfrazarse de axuda. É algo que se vai tecendo, como unha rede.

Marcela é un monstro. Quixeches que *A culpa* fose, tamén, unha reflexión sobre o monstrosidade? E sobre a nosa relación coa violencia que se deriva da monstrosidade? (Porque hai monstros que podemos desculpar).

Gústame levar aos lectores por territorios onde non teñen moi claro que pensar. A lei do ollo por ollo pode ser reparadora, pero iso non significa que sexa o que hai que facer, e máis pretendendo non ter responsabilidade. Sempre hai outra opción que non é a violencia. Ademais, xustificar a violencia é moi perigoso. Sempre hai alguén que pensa que ten dereito a exercer a violencia. Un maltratador, un violador, pensan que teñen dereito a exercela. Na miña novela *As horas roubadas* hai un maltratador. Falan varios personaxes e el tamén explica as súas razóns. *A culpa* é unha novela chea de monstros. E algúns poden ter un comportamento que nos resulta xustificable, o cal nos pode colocar nun lugar incómodo.

A violencia está moi presente na vida de Mirtha desde a súa infancia. Os malos tratos, a explotación, os abusos sexuais... Ela é consciente de que, se non fose muller, a súa vida sería outra. Por que esa presenza de todas as expresións máis brutais da violencia de xénero? (Marcela, en cambio, ten unha infancia bastante tranquila ao respecto).

Porque é algo moi presente na sociedade. O mundo cambiou moito respecto a iso, de xeito que agora decatámonos de situacións de violencia que antes non interpretabamos como tales. Hai situacións de violencia que vivín de nena que no seu día non identifiquei. Os medios, as familias, os coñecidos... xustificaban a violencia. Lembro unha vez que Lola Flores dixo na televisión que o Pescadilla nunca lle puxera a man enriba porque ela “nunca lle dera motivos”. No meu barrio había unha muller que aparecía con signos de malleiras e a xente dicía que o marido lle pegaba porque era unha borracha. A miña nai foi das nenas que perderon escola por ir ao estraperlo. As nenas eran explotadas, as mulleres eran e son maltratadas... Hai unha violencia moi forte e secular contra as mulleres.

Nun momento, Mirtha di que os escritores viven entre o recoñecemento, o ego, a adulación e a crúa realidade da miseria que cobran. Estás de acordo, aplicando isto ao contexto galego?

Absolutamente. Temos aínda un halo de ser xente da intelectualidade ou da cultura, pero iso non se corresponde coa remuneración recibida. En min é unha loita que sempre estivo presente, a da profesionalización da escritura. Ademais hai un perigo grande, que é que todo o mundo quere escribir un libro.

Un dos teus personaxes di que todo o mundo pensa que a súa vida merece un libro.

É que é algo que te satisfai. Pero os libros tamén son produtos comerciais. E só coa arte a xente atreveuse a pedir traballos gratis. Ninguén lle pide ao electricista un traballo gratis, pero si a un escritor. Hai egos, aparencias, pero en realidade o escritor é alguén que malvive ou que ten que vivir doutra cousa.

Un dos temas que saen é a prostitución. Alén da violencia en si que supón, fálase de mulleres en situación de vulnerabilidade que son obrigadas a exercela non dándolles outra opción. En relación con iso, Angelita parece unha muller con terror á soidade enganchada ao maltrato...

É unha vítima de maltrato, pero tamén é unha persoa que mostra o peor do que podemos ser capaces os seres humanos. Angelita engana a dúas nenas para obrigalas a meterse na prostitución, polo que reproduce ela mesma o peor. Si é unha vítima, pero iso non é unha excusa.

Mirtha é unha supervivente, como moitas outras personaxes coas que coincide na emigración. Pode lembrar A Bela Otero. En calquera caso, non responde ao estereotipo sobre a vida que imaxinamos dos emigrantes daquel tempo.

Xa me dixo máis xente o da Bela Otero, pero eu non pensara nela, a verdade. Encantoume escribir esa parte da novela. Marcela e Mirtha emigran a Bos Aires e chega un momento en que pasan de pensar que saben facer a pensar que queren ser. E iso é moi bonito. Arxentina era unha terra de oportunidades na que podías soñar con converterte noutra persoa. Despois podíache saír mal, como seguramente sería moitas veces. Pero Marcela e Mirtha chegan a Arxentina sendo unhas nenas, cos seus soños intactos, e conseguen abrirse camiño nun mundo de lobos e depredadores. Amanda tamén é un personaxe que sofre unha evolución. Métese tanto na historia de Mirtha e Marcela, sente tanto respecto por elas que acaba dando o final perfecto ao plan de Marcela.

Mirtha coñece tamén a posibilidade de confiar e de amar, a través de Eduardo. Representan Eduardo e Marcela, ao respecto, dous tipos opostos de amor?

Eduardo representa un tipo de amor que che fai medrar e Marcela un tipo de amor, de amizade, que che fai empequenecer. E logo aparecen na novela outros tipos de amor, de relacións, que sempre houbo, aínda que non se falase de poliamor. Pero si hai unha contraposición entre un amor que quere dominarte e outro que quere liberarte e construír algo contigo. Preguntáronme tamén bastante polo tema dos amores Frankenstein: ir buscando por aí pedaciños do que queres. Véndennos o amor romántico pero non tes por que atopalo. E ao mellor podes ter distintas parellas e estar ben, aínda que non sexa a situación perfecta. Tamén hai que desfrutar do que tes sen andar pensando no que che falta.

Entre Mirtha e Ralph, que casan, tamén hai de feito amor, aínda que non namoro. É un xeito de familia non convencional. Non baseada no amor romántico, precisamente, pero non de segunda categoría. E iso si subverte o amor romántico, e non estalo agardando.

Mirtha e Raph chegan ao matrimonio por unha farsa. Pero en realidade ningún dos dous podería amar o outro. O cal non impide que se queiran, que se entendan, que se apoién. Conseguen

crear o matrimonio perfecto, e refírome ao matrimonio como institución. Son familia, claro. A min cústame moito entender esas rupturas terribles cunha persoa que amaches moito e coa que constrúches tanto como unha parella de moitos anos. A vida ten distintas etapas e en cada etapa vas atopando persoas que te acompañan. Pero esa persoa non ten por que ser sempre a mesma porque a vida vai cambiando e nós vamos cambiando. Fíxonos moito dano a idea do para sempre.

Mirtha convértese nunha grande artista pero, como di ela, non hai nada romántico nese proceso, senón un durísimo traballo. Nun tempo en que os artistas se creaban para durar. Que di A culpa sobre o feito de ser e chegar a ser artista?

Mirtha vive a faceta artística do seu fillo como unha cuestión de talento e a súa propia como unha construción, froito da construción dun personaxe e do traballo duro. Hai xente que cre máis no talento e xente que cre máis no esforzo. Mirtha e Marcela non tiñan pudor, ademais, en copiar e transformar. Ían moito ver o que se estaba facendo. Son dúas mulleres moi intelixentes e traballadoras. Hai un produtor que lle di a Marcela que ela non vale nada como artista. E failles un favor ás dúas.

Elvira, a asistente e Raph, é parecida a Marcela. Intelixente, manipuladora. En que se parecen e en que se diferenzan estas dúas mulleres?

Elvira e Marcela son as dúas persoas que teñen un segredo. E as dúas son manipuladoras. Pero Marcela non ten límites. É peor ca Elvira, tendo as dúas a mesma condición.

Marcela convértese en amiga e confidente de Amaro, o fillo de Mirtha, para seguir controlándoa. De que xeito consegue afastar a Amaro de Mirtha?

Marcela dáse conta de que os amores de Mirtha poden estar ou desaparecer, pero sabe que cun fillo é distinto. Sente que o lazo que Mirtha ten con Amaro está á altura do lazo que Mirtha ten con ela. E a maneira que ten de controlar a situación é dominalo tamén a el. O cal é intelixente pola súa parte.

Tamén entre Amanda e Enric hai unha relación non convencional. Aínda que o xiro final é un pouco chocante. Tampouco é o máis importante porque o obxectivo da novela non é desenvolver e resolver unha trama.

Amanda non pode traizoar a lealdade que sente cara Mirtha e Marcela. E Enric é un obstáculo porque non se conforma co diñeiro. Quere a fama. Por iso representa un perigo de traizón. E por iso Amanda fai o que fai. Porque non ve outra saída.

Pode ser difícil tamén entender as motivacións de Marcela, unha vez volta a España. Pesa tamén nela a culpa? Dalgún xeito, ela tamén está enferma de dependencia e de dor porque non considera que Mirtha lle devolvese o que ela lle daba.

Marcela xa é unha asasina desde nena. Hai aspectos de Marcela que non se entenderían se non tivese unha personalidade determinada. Pero o seu afán de posuír e dominar a Mirtha acaba levándoa á loucura. Claro que é dependente e esa dependencia acaba destruíndoas ás dúas. A súa culpa tamén acaba aparecendo porque non consegue o seu obxectivo. E é moi habitual que sintas que unha persoa que está en débeda contigo de esquece esa débeda. Marcela queda atrapada niso. Pero ademais é unha psicópata.

Que foi o máis difícil e o mellor á hora de escribir esta novela?

O máis chulo foi traballar a parte psicolóxica. Que cada personalidade teña unha explicación. Que cando o lector peche o libro non quede só coa trama. Mirtha é unha muller maior, sabia, que fala desde a vellez, cando xa non ten ningún tipo de expectativa. Por iso as súas reflexións, duras e cargadas de verdade, son tan valiosas. Ela pensa que é posible que non se decatase do que estaba pasando, do que gañaba Marcela fuxindo con ela e deixando unha familia que a quería. Construír os personaxes foi moi natural. Unha vez que cada un ten a súa personalidade definida, só hai que seguiilos ao longo da trama. O que si me custou moito foi atopar tempo para escribir. O cal tamén me xeraba unha culpa horrible. Botei cinco anos con este libro.

A historia de Mirtha e Marcela é tan interesante que a de Amanda e Eric pode quedar algo desequilibrada respecto da outra.

A historia de Amanda e Enric é un vehículo para contar a de Mirtha e Marcela e de explicar como se pode herdar a culpa, como se pode transformar unha persoa para chegar á maldade. Entendo o que dis, pero tamén é certo que hai lectores aos que lles gusta máis unha parte e lectores aos que lles gusta máis a outra. Hai xente á que lle interesa máis o personaxe de Amanda, que foi construído para darlle forza aos outros dous. Porque pode haber algo externo a ti que te leva a actuar dun xeito inesperado, como lle pasa a ela.

Xa pasou tempo desde o premio. Como está a ir o libro? Hai tradución a castelán e catalán, feita por Contraluz.

Contraluz é unha editora moi nova. O libro foi escrito en galego e logo traducido simultaneamente a castelán e catalán. Estiven presentándoo no previo ao Sant Jordi e foi unha experiencia moi boa. Alí non che fan preguntas como por que non traduciches ti mesma o libro ao castelán. Eu sempre escribo en galego, e é unha cuestión de compromiso. O libro está funcionando ben: a primeira edición foi de 3.000 exemplares e quedaban 100 no almacén, polo que decidiron facer unha segunda. Son 3.000 libros vendidos en cinco meses. É un libro dentro de outro, un máis literario e outro máis thriller, polo que tamén pode atraer a distintos tipos de lectores.

As horas roubadas tamén reflexionaba sobre maltrato, control e posesión que se confundían con amor. Cal é a conexión, ao respecto, entre as dúas novelas? A culpa vén dicir o mesmo: que hai formas de amar en igualdade e de xeito san, e que a posesión non é amor.

A min non me gusta que os libros sexan aleccionadores, pero si escribir sobre a realidade. E penso que sobre este tema queda aínda moito por escribir. Porque temos que sacarnos as culpas e buscar relacións que sexan sás. Os dous libros tócanse niso, si. Dinme que *A culpa* é un libro duro, pero o mundo é duro. Hai moita novela negra, ou thriller, na que hai máis violencia, pero eu falo dun tipo de violencia que é máis social. Un crítico dixo que a novela negra galega estaba en auxe e que falaba dun tipo de violencia ecolóxica. Un tipo de violencia psicolóxica e social, que no meu libro é máis importante ca os asasinatos. Un tipo de violencia real, que eu levo ao extremo, claro. Como dicía antes, gústame que o lector constrúa a historia comigo. E con estas dúas novelas os lectores contáronme cousas preciosas. Historias das súas vidas que ven reflectidas nas novelas. Porque lles tocan.